

A Fundación Xoán Piñeiro para a Escultura elaborará un rexistro de obras en espazos públicos

O colectivo, reunido onte en Cangas, apostará por convocar o Premio de Escultura de Galicia

redacción | cangas 09.09.2018 | 03:19



A Fundación Xoán Piñeiro para o desenvolvemento da Escultura en Galicia acordou elaborar un rexistro de obras en espazos públicos para dar a coñecer o patrimonio escultórico existente na comunidade autónoma. É un dos acordos alcanzados polo padroado da Fundación, que se reuniu onte en Cangas despois dunha obrigada renovación a causa do [falecemento](#) de membros como Francisco Fernández del Riego e Xavier Pousa, ou pola baixa de Xosé Luís Méndez Ferrín por idade.

O rexedor cangués, Xosé Manuel Pazos, estivo presente na cita, na que se acordou así mesmo valorar a realización dunha exposición sobre a obra de Piñeiro en colaboración coa [Universidade](#) de Santiago de Compostela e comezar os contactos para iniciar un traballo de investigación, así como a realización dunha publicación sobre a vida e obra do escultor. Ademais, achegárase por organizar a convocatoria dunha bolsa de traballo e investigación na Fundación Arte Bronce Fundación e promover o coñecemento de artistas da escultura en

Galicia abrindo unha liña de traballo en Cadernos "do artista". Por último, tentárase organizar a segunda edición do Premio de Escultura de Galicia.

O padroado ten como presidenta de honra á viúda, Carmen Álvarez [Carreira](#) e como presidente a Jesús Vázquez. Así mesmo, como patróns están as fillas do escultor (Carmen, Cuqui, Belén e Marta Piñeiro Álvarez), Fernanda Padín, Branca Caamaño, Manuel Núñez, Manuel Buciños, Ricardo Fernández, Camilo Franco e Camilo Camaño.